

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Decreto 13/2007, do 1 de febreiro, polo que se autoriza a implantación de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia para o curso 2007/2008.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro (BOE do 19 de xaneiro de 1988, DOG do 17 de febreiro de 1988), transferiulle á Comunidade Autónoma competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola Comunidade Autónoma e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 62/1988, do 17 de marzo (DOG do 8 de abril).

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, no artigo 8.º establece que a implantación e supresión de ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional serán acordadas pola comunidade autónoma, ben por proposta do Consello Social ou ben por propia iniciativa co acordo do referido consello, en todo caso logo do informe do Consello de Goberno da universidade.

No uso da autorización outorgada ao Goberno polo artigo 88.º da Lei orgánica 6/2001, de universidades, do 21 de decembro, ditouse o Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao. Estes estudos de posgrao teñen como finalidade a especialización do estudante na súa formación académica, profesional ou investigadora e articúlanse en programas integrados polas ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de máster ou doutor. Este real decreto regula o marco xurídico das ensinanzas de posgrao, en consonancia coas liñas xerais emanadas do Espazo Europeo de Educación Superior. No artigo 5, modificado polo Real decreto 1509/2005, do 16 de decembro, se establece que a implantación dos programas oficiais de posgrao será acordada pola comunidade autónoma correspondente, de acordo co que establece o artigo 8.º da Lei orgánica de universidades.

No ámbito autonómico esta materia está regulada no Decreto 259/1994, do 29 de xullo (DOG do 16 de agosto), polo que se establece o procedemento para a creación e recoñecemento de universidades, centros universitarios e autorización de estudos na Comunidade Autónoma de Galicia. No seu artigo 3.1º establécese que a autorización para a implantación de estudos no ámbito territorial propio da comunidade autónoma farase por decreto do Consello

da Xunta de Galicia, por proposta do Consello Social da universidade galega xa autorizada e logo do informe do Consello Galego de Universidades.

Baixo a formulación xeral exposta, neste decreto considérase a implantación de estudos conducentes aos títulos de máster e doutor no sistema universitario de Galicia, unha vez cumpridos xa todos os requisitos previos ao acto formal de autorización por parte da Xunta de Galicia.

A construción dun Espazo Europeo de Educación Superior, organizado polos principios de calidade, mobilidade, diversidade e competitividade oriéntase á consecución, entre outros obxectivos, dun sistema baseado fundamentalmente en dous niveis principais de ensino: grao e posgrao. Neste proceso de converxencia destaca a relevancia dos estudos europeos de posgrao como un dos principais elementos para reforzar a educación superior europea no contexto internacional e a acreditación dos estudos para asegurar un nivel de calidade adecuado.

A reforma do modelo iníciase coa regulación da estrutura das ensinanzas universitarias e a regulación dos estudos de grao dada polo Real decreto 55/2005, do 21 de xaneiro, polo que o proceso de implantación das novas ensinanzas oficiais de posgrao dependerá da configuración do novo catálogo de títulos oficiais de grao no marco do proceso de converxencia europea e dos prazos previsibles para súa posta en marcha, que se desenvolverá de forma progresiva ata o ano 2010.

A oferta de ensinanzas oficiais de posgrao ten que deseñarse co obxecto de atender fundamentalmente á demanda dos actuais titulados universitarios que desexen recibir unha especialización adicional ou formación investigadora e a de profesionais titulados universitarios que decidan actualizar os seus coñecementos e destrezas ou modificar o seu perfil. Así mesmo ten que responder ás necesidades de Galicia cunha oferta coordinada, integrada e complementaria no sistema universitario de Galicia.

Os programas de posgrao que se van implantar están pensados nunha oferta versátil que se adapta ao perfil do alumno actual e futuro, que responde ás necesidades socioeconómicas galegas, ás expectativas de formación dos alumnos e ás necesidades estruturais de funcionamento das universidades.

Por todo isto, en aplicación do artigo 8.º da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, por proposta dos consellos sociais das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, cos informes dos consellos de goberno das respectivas universidades, logo do informe favorable do Consello Galego de Universidades, en exercicio das competencias sinaladas na Lei 2/2003, do 22 de maio, en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e logo da deli-

beración do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do un de febreiro de dous mil sete,

**DISPOÑO:**

**Artigo 1º**

Conceder autorización, no sistema universitario de Galicia, para a implantación dos estudos oficiais de posgrao para o curso 2007/2008 que se relacionan nos anexos I, II e III deste decreto.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-Respecto da homologación dos plans de estudos, as universidades ateranse ao disposto no artigo 35 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e a regulación contida no Real decreto 49/2004, do 19 de xaneiro, sobre homologación de plans de estudos e títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Segunda.-A efectiva impartición de estudos autorizados neste decreto queda condicionada ao procedemento ordinario que cumpra segundo o establecido no artigo 35.4º da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e no Real decreto 49/2004, do 19 de xaneiro, sobre homologación de plans de estudos e títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria para que, no ámbito das súas competencias, dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, un de febreiro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

**ANEXO I**

PROGRAMAS OFICIAIS DE POSGRAO (POP) NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

POP	Título	Univ.
Dereito urbanístico e do medio ambiente	Máster en dereito urbanístico e do medio ambiente	UVigo
Dereito	Máster en asesoramento xurídico empresarial. Esp. en dereito inmobiliario e da construción, dereito ambiental e dereito urbanístico	UDC
Educación, xénero e igualdade	Máster en educación, xénero e igualdade. Esp. en investigación e deseño de programas e intervención educativa	USC
	Doutor	
Economía e empresa	Máster en xestión e políticas públicas	UDC
	Doutor	

POP	Título	Univ.
Desenvolvemento rexional e integración económica	Máster en desenvolvemento rexional e integración económica. Esp. en desenvolvemento rexional e integración económica	USC
	Doutor	
Lingua e usos profesionais	Máster en lingua e usos profesionais: español, galego e inglés	UDC
Saúde, discapacidade, dependencia e sociedade	Máster en intervención na discapacidade e na dependencia	UDC
	Doutor	
Intervención logopédica	Máster en intervención logopédica na infancia e na adolescencia	UDC
Ciencias da saúde	Máster en asistencia e investigación sanitaria: -Esp. avances en medicina clínica -Esp. reeducación funcional, autonomía persoal e calidade de vida -Esp. fundamentos de investigación biomédica	UDC
	Doutor	
Enxeñaría marítima	Máster en enxeñaría marítima	UDC
	Doutor	
Enxeñaría industrial	Máster en enxeñaría e tecnoloxía industrial	UDC
Seguridade integral	Máster en prevención de riscos laborais	UVigo
Prevenición en riscos laborais e saúde medioambiental	Máster en prevención en riscos laborais e saúde medioambiental	USC
Rehabilitación arquitectónica	Máster en rehabilitación arquitectónica	UDC
Enerxía e sustentabilidade	Máster en enerxía e sustentabilidade	UVigo
Enerxías renovables e sustentabilidade enerxética	Máster en enerxías renovables e sustentabilidade enerxética	USC
	Doutor	
Enxeñaría para o desenvolvemento rural	Máster en enxeñaría para o medio rural	USC
Industrias lácteas	Máster en ciencia e tecnoloxía das industrias lácteas	USC
Química teórica e modelización computacional	Doutor	UVigo
Ciencia e tecnoloxía ambiental	Máster en ciencia e tecnoloxía ambiental	UDC
Xestión e dirección laboral	Máster en xestión e dirección laboral: esp. en seguridade social, xestión de recursos humanos, xestión sociolaboral	UVigo, UDC, USC
Fotónica e tecnoloxías do láser	Máster en fotónica e tecnoloxías do láser	UVigo, UDC, USC
	Doutor	
Estatística e investigación operativa	Máster en técnicas estatísticas	USC, UDC, UVigo
	Doutor	
Ciencia e tecnoloxía química	Máster en química avanzada (transformación en interuniv. incorporación UVI)	USC, UVigo
	Doutor	

**ANEXO II**

PROGRAMAS OFICIAIS DE POSGRAO INTERUNIVERSITARIOS INTERCOMUNITARIOS

POP	Título	Univ.
Lóxica e filosofía da ciencia	Máster en lóxica e filosofía da ciencia	USAL, UAM, USC, UVA, UCM, UV, ULL, UMA
	Doutor	
Ciencias da visión	Máster de investigación das ciencias da visión: -Esp. biomédica -Esp. físico-óptica	UVA, USC, UM, U, Coimbra, UCM, UMH
	Doutor	
Tecnoloxías da información e comunicacións en sistemas de telecomunicación	Máster en tecnoloxías da información e comunicacións en redes móbiles	UNIZAR, UDC, UPV, UNIOVI, UNICAN
	Doutor	
Ciencia e tecnoloxía química	Máster interuniversitario en química orgánica	UB, UAM, UCM, USC
Química teórica e modelización computacional	Máster en Theoretical chemistry and computational modelling	UAM, UVigo

## ANEXO III

PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO ENMARCADOS EN PROGRAMAS  
OFICIAIS DE POSGRAO PRESENTADOS O ANO ANTERIOR

POP	Título	Univ.
Xerontoloxía	Doutor	USC, UDC
Neurociencia	Doutor	USC, UDC, UVigo
Estudos de xénero	Doutor	UVigo
Historia contemporánea	Doutor	UAM, USC, UAB, UIMP
Urbanismo: plans e proxectos. Do territorio á cidade	Doutor	UDC
Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria	Doutor	UVigo
Enxeñaría biotecnolóxica	Doutor	USC
Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas	Doutor	USC, UDC, UVigo
Física aplicada	Doutor	UVigo, UDC
Química ambiental e fundamental	Doutor	UDC

USAL: UNIVERSIDADE DE SALAMANCA

UCM: UNIVERSIDADE COMPLUTENSE DE MADRID

UVA: UNIVERSIDADE DE VALLADOLID

UB: UNIVERSIDADE DE BARCELONA

UNIZAR: UNIVERSIDADE DE ZARAGOZA

USC: UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UV: UNIVERSIDADE DE VALENCIA

UNIOVI: UNIVERSIDADE DE OVIEDO

ULL: UNIVERSIDADE DE LA LAGUNA

UM: UNIVERSIDADE DE MURCIA

UIMP: UNIVERSIDADE INTERNACIONAL MENÉNDEZ PELAYO

UAB: UNIVERSIDADE AUTÓNOMA DE BARCELONA

UAM: UNIVERSIDADE AUTÓNOMA DE MADRID

UPV: UNIVERSIDADE DO PAÍS VASCO

UNICAN: UNIVERSIDADE DE CANTABRIA

UMA: UNIVERSIDADE DE MÁLAGA

UDC: UNIVERSIDADE DA CORUÑA

UVigo: UNIVERSIDADE DE VIGO

UMH: UNIVERSIDADE MIGUEL HERNÁNDEZ

U COIMBRA: UNIVERSIDADE DE COIMBRA

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE  
E DO BENESTAR**

*Orde do 31 de xaneiro de 2007 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para a realización de programas de apoio a familias monoparentais e se procede á súa convocatoria.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos de familia, infancia e mocidade, séndolle atribuídas competencias neste sector á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a través do Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Que, pola súa banda, o artigo 4 da antedita lei configura os servizos sociais como un sistema integrado de protección social, orientado á prestación programada de atencións e servizos que posibiliten a mellora na calidade de vida e a participación de persoas ou grupos, especialmente daqueles que sofren algún tipo de carencia, marxinação ou desatención selectiva, así como a prevención e eliminación das causas que estean na orixe daquelas situacións.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia establece, no seu artigo 12 g), como unha actuación preventiva e asistencial, o desenvolvemento de programas de axuda a domicilio como medio de atender, desde unha perspectiva integral e normalizadora, as necesidades da familia no seu conxunto ou dalgún dos seus membros.

Deste xeito, considérase necesario desenvolver programas específicos de apoio a familias monoparentais con fillos e fillas menores ao seu cargo, co obxectivo de favorecer a incorporación ao mundo laboral das persoas responsables destas familias, posibilitándolles a conciliación da vida familiar e laboral, e facilitándolles aos menores unha atención especializada, tendo en conta, ademais, que as mulleres representan a maior porcentaxe entre estes proxenitores.

A orde da Consellería de Economía do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo IV no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos que se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito axeitado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais aprobado polo Consello da Xunta de Galicia que corresponda ao exercicio orzamentario no que se vaia materializar a contraprestación.

O texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece no seu artigo 78, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, o réxime xeral de concesión de axudas e subvencións con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma, e constitúe a normativa á que, en consecuencia, se adaptará esta orde, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia, e os demais requisitos exixidos no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 19 de outubro de 2006.